

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA**

RESOLUCIÓN do 12 de maio de 2021, da Xefatura Territorial de Pontevedra, pola que se modifica a Resolución do 13 de xaneiro de 2021 pola que se aproba a renovación do Plan de aproveitamento específico da anguía na desembocadura do río Ulla para o ano 2021.

Antecedentes:

Primeiro. Mediante a Resolución do 13 de xaneiro de 2021, da Xefatura Territorial de Pontevedra, aprobouse a renovación do Plan de aproveitamento específico da anguía na desembocadura do río Ulla para o ano 2021 (DOG núm. 17, do 27 de xaneiro, e corrección de erros no DOG núm. 23, do 4 de febreiro).

Segundo. O anexo A da citada resolución establece a relación de embarcacións e tripulantes autorizados a participar neste plan de aproveitamento.

Terceiro. Os días 15.2.2021 e 2.3.2021, o representante da Confraría de Pescadores Virxe do Carme de Rianxo solicitou a modificación da tripulación das embarcacións Espada e O Quinso, respectivamente, xunto coa xustificación destes cambios.

Cuarto. O día 15.3.2021, o representante da Confraría de Pescadores Santiago Apóstol do Carril solicitou a modificación da tripulación das embarcacións María del Carmen e, o día 7.4.2021, solicitou a inclusión da embarcación Tilocha Primera que substitúe a embarcación Tilocha.

Quinto. O día 11.5.2021, o representante da confraría do Carril remitiu a documentación da embarcación Tilocha Primera e continúa así a tramitación de modificación do anexo A do plan de anguía.

Sexto. O cambio de tripulantes e a inclusión desta nova embarcación non supón un aumento do esforzo pesqueiro respecto do aprobado en anos anteriores, polo que o Servizo de Patrimonio Natural emitiu informe favorable sobre estes cambios.

Fundamentos de dereito:

Primeiro. A normativa de aplicación para a resolución deste procedemento vén determinada polo Decreto 130/2011, do 9 de xuño, polo que se regula a pesca profesional

CVE-DOG: rcpdjad5-8283-ax51-k0r6-hlzsgcn4hr0



da anguía nas augas continentais competencia da Comunidade Autónoma de Galicia, así como pola Lei 2/2021, do 8 de xaneiro, de pesca continental de Galicia (DOG núm. 9, do 15 de xaneiro), e polo Decreto 130/1997, do 14 de maio, polo que se aproba o Regulamento de ordenación da pesca fluvial e dos ecosistemas acuáticos continentais (DOG núm. 106, do 4 de xuño).

Segundo. O artigo 9 do Decreto 130/2011 dispón que se poderán renovar os plans de aproveitamento específico de anguía por períodos dun ano, sempre que se cumpran as condicións e os informes previstos nos puntos dous e tres do dito artigo.

Terceiro. Segundo o Decreto 130/2020, do 17 de setembro, polo que se fixa a estrutura orgánica das vicepresidencias e das consellerías da Xunta de Galicia, e o Decreto 42/2019, do 28 de marzo, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, corresponde a esta consellería, a través da Dirección Xeral de Patrimonio Natural, a ordenación, a conservación, a protección, o fomento e o aproveitamento sustentable dos recursos cinexéticos e piscícolas nas augas continentais.

Resolución:

Visto o exposto, acórdase a modificación do anexo A da Resolución do 13 de xaneiro de 2021, da Xefatura Territorial de Pontevedra, pola que se aproba a renovación do Plan de aproveitamento específico da anguía na desembocadura do río Ulla para o ano 2021, que queda como segue:

Relación de embarcacións e tripulantes autorizados no Plan de aproveitamento da anguía no río Ulla para o ano 2021

Confraría de Pescadores Santiago Apóstol do Carril

Núm.	Embarcación	Matrícula	Participantes no plan
1	Ángeles	VILL-3ª-10.128	José Manuel Pesado Romay Juan Gabino Campos Taibo Tatiana Pesado Batalla
2	Auxiliar Pesado	VILL-3ª-8.707	Roberto Barreiro Pesado Gerardo Barreiro Pesado
3	Camba	VILL-3ª-9.952	Elena Lago Pérez Ricardo Jueguen Martínez Hugo Soto Bemposta



Núm.	Embarcación	Matrícula	Participantes no plan
4	Eu	VILL-3ª-10.223	Ramón Barreiro Blanco Juan Francisco García Cameán
5	Gima	VILL-3ª-4.092	José Barreiro Blanco Carmelo Campos Taibo Mª Luz Rodríguez Potel
6	María del Carmen	VILL-3ª-2.652	Alfonso Barreiro Ferreirós
7	Porto	VILL-3ª-10.131	Rafael Ozores Grande Begoña Barreiro Ferreirós
8	Tami Uno	VILL-3ª-3-2-08	José Ángel Pesado Taibo Alejandro Pesado Taibo
9	Vicenta	VILL-3ª-10.156	Miguel Barreiro Blanco Miguel Ángel Campos Taibo
10	Xurxo	VILL-3ª-8-91	José Manuel Diz Álvarez María Begoña Gerpe Jamardo
11	Tilocha Primera	VILL-3ª-3-21	Antonio Pesado Romay Marcos Pesado Portas Iván Pesado Portas

Total: 11 embarcacións-25 tripulantes.

Confraría de Pescadores Virxe do Carmen de Rianxo

Núm.	Embarcación	Matrícula	Participantes no plan
1	O Quinso	VILL-3-21-8	Serafín Rubio Collazo Manuel Gómez Gómez
2	Curota	VILL-3-4-02	Manuel Vidal Galbán Eloy Vidal Galbán María Vanesa Pérez Abuín
3	Espada	VILL-3-9473	Jorge Rubio Collazo Paula Comojo Moares
4	Paraná	VILL-3-12-96	José Luis Silva Conde Obdulia Conde Rañó
5	Peruco	VILL-3-9-98	Xacobo Vicente Patiño Juan Vicente Patiño

Total: 5 embarcacións-11 tripulantes.

Contra a presente resolución poderá interporse recurso de alzada ante a conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, no prazo dun mes desde a publicación desta, segundo o recollido nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do



procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE núm. 236, do 2 de outubro).

Pontevedra, 12 de maio de 2021

José Manuel González González
Xefe territorial de Pontevedra

CVE-DOG: rcpdjad5-8283-ax51-k0r6-hlzsggc4hr0

